



Punto da orde do día: 8 • documento: 2

Moción Asemblea Xeral 2022. Tarifa social

ÍNDICE

Contexto da proposta	1
Outras achegas ao contexto	2
Como asumiríamos economicamente a tarifa social?	2
Que criterios deberíamos valorar para aplicar a tarifa social?	2
Que porcentaxe da factura debería asumir a tarifa social?	3
Proposta para aprobar na Asemblea Xeral	3

Contexto da proposta

Realizar un estudo por se é posible ofrecer unha tarifa social para as persoas con certos requisitos ou dificultades económicas. Só abrir o debate pode ser positivo e despois, se a Asemblea o considera axeitado, que a saque adiante.

Esta proposta atópase no Participa para debatela e enriquecela. Podedes ver comentarios e engadir a vosa achega [aquí](#).

Outras achegas ao contexto

No Encontro de Grupos Locais recolléronse algunhas propostas que respondían as seguintes preguntas:

Como asumiríamos economicamente a tarifa social?

- Incluir este concepto no cálculo de tarifa e que, polo tanto, este custo asúmese entre todas as persoas consumidoras de Som Energia.
- Debería ser unha porcentaxe dos beneficios (sen que supoña un aumento da tarifa) e que, en consecuencia, impacte no conxunto de toda Som Energia.
- Deberíamos asumir a tarifa social cos excedentes non compensados dos contratos con autoconsumo, enerxía que Som Energia non merca no mercado e que xa estaría a disposición da cooperativa.
- Deberíamos asumir a tarifa social co donativo voluntario dos contratos. Actualmente, asúmeo un 20% dos contratos.
- Outros

Que criterios deberíamos valorar para aplicar a tarifa social?

- Que sexa persoa socia
- Que sexa familia numerosa
- Que sexa segundo renda familiar
- Que sexa segundo patrimonio
- Outros

Que porcentaxe da factura debería asumir a tarifa social?

- Unha porcentaxe fixa do custo da factura
- O custo da enerxía sen marxes
- Unha parte fixa mínima cuberta pola cooperativa (por ex. 2,5 KW e 200 kWh)
- % do consumo - 80 % - 100 % segundo renda para garantir mínimo vital.
- Outros

Proposta para aprobar na Asemblea Xeral

Solicítase á Asemblea Xeral que se pronuncie a favor de estudar a posibilidade de ofrecer unha tarifa social para as persoas con certos requisitos ou dificultades económicas.